



## NORMATIVA Nº 5

SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A  
CAMPIONATOS.  
APORTACIÓN AOS CLUBS/ DIETAS E QUILOMETRAXE

NORMATIVA Nº 5

SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A CAMPIONATOS.  
APORTACION AOS CLUBS/ DIETAS E QUILOMETRAXE

ÍNDICE:	Páxina
ÍNDICE	2
1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- SELECCIÓN GALEGA	3
3.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN	3
4.- UNIFORMIDADE	5
5.- OBRIGAS DOS SUBVENCIONADOS	6
6.- DEREITOS DOS SUBVENCIONADOS	6
7.- COMPETICIONS VALEDEIRAS	6
8.- INCENTIVOS POR RESULTADOS	7
9.- INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCIONS	7
10.- MARCAS MÍNIMAS SUBVENCIONABLES PARA CAMPIONATOS DE ESPAÑA	8
11.- APORTACIONES A CLUBS OU ENTIDADES ORGANIZADORAS EN CAMPIONATOS GALEGOS, TROFEOS FEDERACION E LIGAS	8
- CELEBRACIÓN INDEPENDENTE	8
- CELEBRACIÓN CONXUNTA	8
12.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	9
13.- DIETAS E QUILOMETRAXE	10
14.- NOTAS	10
15.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIONES	12
ANEXO I – Solicitud de subvención deportistas / asistentes	
ANEXO II – Puntuaciones mínimas para subvenciones de temporada (Ref: N05All-220824-R0-V1)	
ANEXO III - Declaración jurada de uso de vehículo	

## 1.- INTRODUCCIÓN

A FGTA ostenta a representación de Galicia nos Campionatos de España e naqueles Torneos Internacionais onde puidese participar.

## 2.- SELECCIÓN GALEGA

Enténdese por tal o conxunto de persoas que, nun momento dado, e en diferentes modalidades do Tiro con Arco, representan a Galicia nunha competición fóra da Comunidade Autónoma. Inclúese nesta selección ao capitán de equipo ou adestrador, designado pola FGTA para cada campionato.

Promocionarase especialmente a participación da muller e das categorías inferiores.

## 3.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Será condición indispensable para OPTAR á subvención a calquera campionato de España individual o feito de acudir ao/s clasificatorio/s que se convocarán ao efecto, ou cumprir os requisitos esixidos de non realizarse estes clasificatorios, e tomarase a media das dúas mellores puntuacións obtidas por cada arqueiro nesa temporada e que superen as dúas puntuación a puntuación mínima aprobada pola asemblea ou a comisión delegada e cumpran as condicións marcadas previamente á celebración do Campionato de España de que se trate, e que figurará/n no calendario oficial da FGTA.

En caso de que un arqueiro consiga a puntuación mínima subvencionable na participación do Campionato de España correspondente, esta puntuación tamén será tida en conta á hora de conseguir o dereito a ser subvencionado e percibirá a porcentaxe da subvención en relación a súa calificación final do listado definitivo de deportistas con dereito a subvención que participe no Campionato de España.

No momento de publicar a convocatoria estableceranse as condicións que se deberán cumprir para optar á subvención; e terase en conta o formato do Campionato de España de que se trate.

Non obstante, acadar o referido no punto anterior non garante a subvención automaticamente; senón que se seguirá o seguinte criterio:

- Arqueiro con maior calificación no listado definitivo de deportistas con dereito a subvención que participe no Campionato de España recibirá o 75% da subvención máxima.
- Arqueiro con segunda mellor calificación no listado definitivo de deportistas con dereito a subvención que participe no Campionato de España recibirá o 50% da subvención máxima.
- Arqueiro con terceira mellor calificación no listado definitivo de deportistas con dereito a subvención que participe no Campionato de España recibirá o 25% da subvención máxima.
- Arqueiro con cuarta mellor calificación no listado definitivo de deportistas con dereito a subvención que participe no Campionato de España recibirá o 10% da subvención máxima.

As porcentaxes referidas serán sobre a contía máxima fixada pola FGTA, co máximo do importe establecido no punto 13 e xustificadas polo importe da subvención optada polo concepto

que mellor se axuste.

Como máximo haberá 4 arqueiros subvencionados por categoría, sempre ordenados de maior a menor media, que serán relacionados antes do Campionato de España correspondente. Se un arqueiro conseguira a subvención no Campionato de España incluírase no listado de deportistas subvencionados recibindo a porcentaxe da subvención que lle correspondería segundo o seu posto na relación de deportistas subvencionados.

Nas categorías cadete e menores de 14 anos, o arqueiro situado en 4º lugar percibirá o mesmo importe de subvención que o terceiro, o 25%.

No caso de que algún dos arqueiros con dereito a subvención non acuda ao Campionato de España correspondente, os seguintes na lista (sempre por orde de calificación e no caso de que superasen as condicións establecidas) poderán obter a subvención no caso de que acudan ao Campionato de España de que se trate percibindo a porcentaxe da subvención segundo a posición que ocupen no listado definitivo de deportistas con dereito á subvención que acudan ao Campionato de España correspondente.

Por outra banda, os arqueiros que formen parte do equipo de Galicia nun Campionato de España de CCAA, participación derivada da suma das tres mellores puntuacións no round de clasificación do campionato individual, ou as dúas mellores no caso dos equipos mixtos, terán dereito a que se lles aboien ata o 100% do importe dos gastos subvencionables por cada día da competición por equipos. Estes gastos subvencionables serán exclusivamente a dieta por comida e aloxamento, ademais do parking se fora preciso, con independencia de ter acadado ou non a subvención para ese campionato pero non podendo ser acumulable entre elas. En caso de acumulación prevalecerá a porcentaxe mais alta da subvención nese día ou días que dure a competición por equipos.

Os arqueiros que participen en campionatos convocados pola WA e pola WAE, tales como o Campionato do Mundo, o Campionato de Europa, os Xogos do Mediterráneo e as finais das Copas do Mundo, e cuxos gastos non sexan sufragados nunha contía superior ao 50% pola RFETA, a Federación Galega subvencionará a ditos arqueiros cos importes correspondentes á manutención e o aloxamento fóra de España, **sempre que sexa posible despois de estudar os estados contables da FGTA.**

A contía máxima dos conceptos subvencionables será a fixada pola FGTA para cada un dos campionatos cos seguintes criterios:

Quilometraxe máximo dende a cidade de Santiago de Compostela (entendéndose a mesma como punto central da Comunidade Galega) ata a localización do campionato, distancia tomada co programa Google maps, no caso de non facilitarse o domicilio de residencia dentro da comunidade galega.

Peaxes.

Dietas e aloxamento: (máximo do importe establecido no punto 13)

- 1/2 dieta para os campionatos que se encontren a menos de 250 Km,
- 2 réximes completos por 1 día de campionato,
- 3 réximes completos por 2 días de campionato,
- 4 réximes completos por 3 días de campionato.

Aparcadoiros: ata un importe máximo do sinalado no punto 13.

Inscripción ao Campionato: polo importe da inscrición do torneo correspondente.

A porcentaxe final de cada subvencionado calcularase proporcionalmente do total da partida para subvencións aprobada pola asemblea nos seus presupostos e que en ningún caso poderá

superar a porcentaxe sobre o total anteriormente marcado.

As puntuacións mínimas serán aprobadas pola asemblea ou a comisión delegada o comezo da tempada, e serán calculadas automaticamente mediante o sistema de puntuación media dos resultados da proba nacional da tempada anterior obxecto da subvención así como dos resultados do trofeo Federación e o Campionato Galego das dúas tempadas anteriores, cun coeficiente sobre a puntuación máxima de cada campionato.

Os arqueiros que consigan podium no Campionato de España pero non conseguiran a subvención correspondente por non alcanzar a puntuación mínima establecida terán dereito ao 75% da subvención máxima reflexada nesta Normativa e as súas condicións.

*Subvención “asistentes” deportistas VI e aqueles que na súa tarxeta de arco adaptado así o requira.*

- 1. Os conceptos subvencionables se concederán nas mesmas condicións co resto dos deportistas, estando suxietos a mínima do deportista que precisa desa **asistencia técnica** tras o deportista e que é necesaria para os deportistas de Arco Adaptado VI*

#### **Deficiencia Visual - VI/3**

No es una clase incluida en los Juegos Paralímpicos, pero si reconocida por World Archery. Hay tres clases (V1, V2, V3) equivalentes a las explicadas en la sección 3 de la Introducción. Los deportistas V1 deben usar unas gafas opacas o antifaces durante la competición, y todos usan señales táctiles con la ayuda de un asistente ubicado a 1 m por detrás de la línea de tiro, aportando información sobre la posición de las flechas en la diana, seguridad y puntuación.

Nota: Extracto “Guía sobre la clasificación del deporte paralímpico 2016.pdf” – RFETA

- 2. Soamente considéranse dietas por manutención, non podendo ser superiores ao 100% dos gastos totais xenerados, incluíndo outras subvencións percibidas polo mesmo concepto.*
- 3. Presentación da declaración de outras subvencións percibidas polo mesmo concepto, tomando como exemplo a xustificación requerida y esixida por la Xunta, na tramitación do Convenio.*
- 4. Crease unha unidade presupuestaria independente para este concepto de arco adaptado, estimada en 500,00.-€, si as contas da FGTA, o permiten.*

#### **4.- UNIFORMIDADE**

Todo o equipamento deportivo entregado pola FGTA quedará en propiedade do deportista / técnico, e será utilizado nos eventos deportivos nos que participen representando a Galicia.

No momento da entrega o deportista / técnico asinará un recibo no que se detallarán cada un dos elementos entregados.

O coidado da uniformidade será a cargo do deportista / técnico.

A uniformidade da Selección Galega só poderá exhibir os logotipos ou anagramas dos patrocinadores oficiais da selección, quedando totalmente prohibida a colocación de logotipos ou anagramas de patrocinadores privados alleos á mesma.

Durante os adestramentos libres, os deportistas poderán utilizar roupa deportiva distinta á uniformidade oficial, non así nos adestramentos oficiais ou resto das fases do campionato.

Aos deportistas entregaráselles unha nova uniformidade nos seguintes casos:



- Cambio no deseño ou na calidade dos materiais.
- Deterioro das prendas, previa xustificación do motivo. De non ser xustificado, o deportista aboará o prezo do novo equipamento.
- A equipación dos asistentes aos deportistas de arco adaptado, según a tarxeta do deportista, terá a mesma condición ca do deportista

## 5.- OBRIGAS DOS SUBVENCIONADOS

- Participar na competición para a que foi subvencionado.
- Participar no equipo en caso de ser seleccionado polo Capitán do mesmo ou representante da FGTA na competición.
- Utilizar o equipamento facilitado pola FGTA nas competicións en que represente a Galicia a nivel individual ou por equipos.
- Someterse aos controis de dopaxe que se lle requiran a través da RFETA, AMA, AEPSAD... en competicións de calquera nivel ou entre elas.
- Estar a disposición da FGTA durante os días de celebración do campionato, para calquera acto ou reunión que convoque a mesma.
- No caso de negarse a participar na competición formando equipo, non poderá recibir subvención algunha da FGTA por ese campionato.
- Envíe dentro dos 10 días naturais seguintes ao remate do evento deportivo o ANEXO I (E se é posible cos documentos xustificativos adxuntos e en formato PDF) Debidamente cuberto e asinado dixitalmente.

## 6.- DEREITOS DOS SUBVENCIONADOS

- Se as contas de tesourería o permiten, percibir o 50% da subvención como anticipo do total resultante da competición e percibir o resto da subvención concedida ao remate da tempada deportiva, previa presentación do xustificante de gastos en prazo, indicado para este fin.
- O equipo técnico da FGTA estará a disposición do deportista en todo o que se refira á planificación, adestramento, preparación e asistencia na competición.
- A subvención poderá facerse efectiva en dúas fases. O 50 % ao remate do prazo dun mes despois da comprobación dos datos e facturas achegados e o resto ou a proporción correspondente segundo a partida designada e aprobada, ao remate da tempada deportiva da disciplina correspondente na que se subvenciona. Concederase, sempre, previa presentación do correspondente xustificante de gasto no tempo e na forma sinaladas para o efecto.
- Non poderá ser aboada unha subvención unha vez pechado o exercicio económico ao que corresponda.

## 7.- COMPETICIONS VALEDEIRAS

Internacionais recoñecidas pola WA e pola WAE e comunicadas á FGTA con anterioridade, e con remisión nos 10 días posteriores á celebración da mesma dos resultados obtidos.

Nacionais organizadas pola RFETA (GPs, Campionatos de España, Ligas,...).

Probas valedoiras para o ranking RAUS, organizadas pola FGTA ou por calquera outra Federación que cumpra coa normativa RFETA para a súa homologación, comunicando á FGTA (sempre cando nos este organizada por ela) con anterioridade, e con remisión nos 10 días posteriores á celebración da mesma dos resultados obtidos.

Todas as competicións recoñecidas pola FGTA (convocados todos os arqueiros da FGTA en tempo e forma e cos datos en poder da FGTA nos 10 días posteriores ao remate do campionato).

Campionatos Galegos, Trofeos Federación e Ligas.

## 8.- INCENTIVOS POR RESULTADOS

1. Os arqueiros que acaden Medalla nun Campionato Internacional organizado pola WA/WAE (WorldCups, Mundiais, Campionatos de Europa, indoor e outdoor) serán recompensados co 75% da subvención máxima ao seguinte Campionato de España correspondente a esa disciplina e coa inscrición gratuíta correspondente ao Campionato.
2. Os arqueiros que acaden medalla, en categoría disputada, en Campionatos de España e haxa declaración de campións nesa categoría (individual ou por equipos) serán recompensados coa exención de aboar taxas de inscrición durante a seguinte tempada en campionatos organizados pola FGTA (Campionatos Galegos e Federación, Aire libre, Sala, Campo, 3D e Ligas autonómicas) correspondentes unicamente á disciplina na que obtiveron a medalla.
3. Os arqueiros que acaden Medalla individual nun Campionato de España e haxa declaración de campións nesa categoría, serán recompensados na seguinte tempada coa inscrición no seguinte Campionato de España nesa disciplina organizado pola RFETA e coa inscrición aos GPs ou ligas nacionais que participen na seguinte tempada nesa disciplina.
4. A Inscrición aos Campionatos a realizará o arqueiro coma ven sendo habitual a través da plataforma e posteriormente a FGTA, previa comprobación da inscrición, fará unha transferencia bancaria polo importe da inscrición ao arqueiro correspondente.
5. Todos os deportistas que representen o equipo nacional español en calquera das competicións internacionais existentes desde a temporada 2020/21 en adiante, terá como compensación a exención de la inscrición os torneos e campeonatos galegos da súa respectiva disciplina a que representan co equipo nacional español e esta exención do pago da inscrición, será por un tempo de dúas temporadas a partir da temporada seguinte a súa integración no equipo nacional español.
6. Todos os deportistas que alcancen o pódium en calquera das competicións internacionais existentes desde a tempada 2020/21 en adiante, terán como compensación a exención do pago da inscrición os torneos e campionatos galegos da súa respectiva disciplina a la que representan co equipo nacional español e esta exención será por tempo ilimitado.

## 9.- INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCIONS

O deportista arqueiro que goce dunha subvención individual nun campionato terá dereito a ser subvencionado por equipos do mesmo campionato sempre que non supere o 100% dos gastos xustificadas, co importe máximo establecido no punto 13.

No caso de monitores e xuíces que acudan a competicións nacionais e que teñan os gastos das dietas cubertos por dita función e no caso de que tamén participen como deportista arqueiro, non poderán recibir a subvención por ese mesmo concepto.

As bonificacións por quilometraxe nun vehículo compartido só se pagará a un dos beneficiarios. Presentarán unha declaración xurada. As habitacións compartidas distribuiranse entre as que as compartan e o importe máximo é o do punto 13 (ANEXO III).

## 10.- MARCAS MÍNIMAS SUBVENCIONABLES PARA CAMPIONATOS DE ESPAÑA

TABLA MARCAS. Revisada na tempada da súa aplicación.

## 11.- APORTACIÓNS A CLUBES OU ENTIDADES ORGANIZADORAS EN CAMPIONATOS GALEGOS, TROFEOS FEDERACIÓN E LIGAS

O importe da subvención aboarase por anticipado ao club ou organizador se estos o consideran oportuno. As facturas xustificativas deberán presentarse entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do ano natural en curso.

As subvencións para a organización dos Campionatos, Trofeos Federación, Ligas 3D e tiradas organizadas pola FGTA serán as seguintes

### CELEBRACIÓN INDEPENDIENTE

	SALA (2x18)	AIRE LIBRE (2x70)	AIRE LIBRE (Round 1440)
<b>VETERANOS, SÉNIOR, JÚNIOR E CADETE</b>	900,00.-€	900,00.-€	1.000,00.-€
<b>INFANTIL, ALEVÍN, BENXAMÍN E ESQUÍO</b>	900,00.-€	900,00.-€	-----
<b>TRADICIONAL E ESPIDO</b>	900,00.-€	900,00.-€	-----
<b>CAMPIONATO GALEGO DE CLUBS</b>	1.700,00.-€	1.700,00.-€	-----
<b>CAMPIONATO GALEGO DE PERCORRIDO DE 3D OU CAMPO</b>			2.775,00.-€
<b>CAMPIONATO GALEGO DE 3D In Door con eliminatorias</b>			1.800,00.-€
<b>LIGA GALEGA 3D</b>			1.800,00.-€ por encontro

### CELEBRACIÓN CONXUNTA

- Campionato Galego de Sala con eliminatorias - **2.775,00.-€** (3 Campionatos).
  - o Recurvo e Composto: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
  - o Recurvo e Composto: U15 (*Infantil*), Alevín, Benxamin e Esquío e
  - o Arco Tradicional, Long Bow e Arco Espido: 50+ (*Veteran*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
- Campionato Galego de Aire Libre con eliminatorias - **2.775,00.-€** (3 Campionatos).
  - o Recurvo e Composto: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
  - o Recurvo e Composto: U15 (*Infantil*), Alevín, Benxamin e Esquío e
  - o Arco Tradicional, Long Bow e Arco Espido: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)



- Campionato Galego Aire Libre (Round 1440, WA, RFETA con eliminatorias según corresponda) - **1.500,00.-€** (2 campionatos).
    - o Recurvo e Composto: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
    - o Recurvo e Composto: U15 (*Infantil*), Alevín, Benxamin e Esquíu<sup>(1)</sup> e
  - Campionato Galego Sala (Round 1440, WA, RFETA con eliminatorias según corresponda) - **1.500,00.-€** (2 campionatos).
    - o Recurvo e Composto: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
    - o Recurvo e Composto: U15 (*Infantil*), Alevín, Benxamin e Esquíu<sup>(1)</sup> e
  - Trofeo Federación Galega “Luis Vera Moreno” – Xunta de Galicia Sala - **2.275,00.-€** (3 Campionatos).
    - o Recurvo e Composto: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
    - o Recurvo e Composto: U15 (*Infantil*), Alevín, Benxamin e Esquíu<sup>(1)</sup> e
    - o Arco Tradicional, Long Bow e Arco Espido: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
  - Trofeo Federación Galega – Xunta de Galicia Aire Libre - **2.275,00.-€** (3 Campionatos).
    - o Recurvo e Composto: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
    - o Recurvo e Composto: U15 (*Infantil*), Alevín, Benxamin e Esquíu<sup>(1)</sup> e
    - o Arco Tradicional, Long Bow e Arco Espido: 50+ (*Veterán*), Sénior, U21 (*Junior*) e U18 (*Cadete*)
  - Competicións sala e aire libre que inclúen todas as categorías. Cando, unha vez emitida a convocatoria das distintas competición que abranguen as categorías contempladas na Normativa 2 da FGTA e en función das inscricións recibidas, se a súa organización permita a súa unificación ou fose necesaria a súa división, os importes dos convenios serán os seguintes:
    - o 1º No caso de que as inscricións requiran a previsión de 3 días (considerando por días, mañá ou tarde, onde non existan eliminatorias), o seu importe será de **2.700,00 €** (cubriendo a mañá e/ou tarde de sábado e domingo)
    - o 2º No caso de facelo en só dous días, mañá e tarde do mesmo día ou días diferentes), o seu importe será de **1.800,00 €**.
    - o 3º No caso de poder unificalo nun só día (mañá ou tarde), o seu importe será de **1.200,00 €**.
- O aforo mínimo en competición en sala considérase 20 parapetos e nas competicións ao aire libre 20 parapetos.

*(1) Nota: Alevín, Benxamin e Esquíu (Prebenxamín), para entrar no RAUS ou clasificatorias nacionais da RFETA, deberán inscribirse ás competicións da FGTA como (Infantil) U15.*

## 12.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

Desprazamento  
Dieta manutención  
Aloxamento  
Peaxes de autopistas

Aparcadoiros  
Inscripción aos Campionatos

### 13.- DIETAS E QUILOMETRAXE

	España	Estranxeiro
En vehículo particular	0,26.-€/km <sup>(1)</sup>	-----
Aparcadoiros	10,00.-€ (*)	-----
Dieta completa (xantar e cea)	44,09.-€ (*)	44,09.-€ (*)
Media dieta (xantar ou cea)	22,04.-€ (*)	-----
Aloxamento	77,78.-€/día (*)	-----
Réxime completo (aloxamento+manutención do día)	121,87.-€/día (*)	121,87.-€/día (*)

(\*) *Importes máximos.*

*(1) Dito importe axustarase as táboas que a Administración publique. Será de aplicación unha vez se realice a corrección no presente documento e darase traslado aos Clubes, segundo o punto 15.7 da presente normativa.*

### 14.- INTERVENCIONS DE XUICES, AXENTES I@NSEO E TÉCNICOS DA FGTA

Actuacións de Xuíz Presidente CX.Competición media xornada <sup>(1)</sup>	90,00.-€
Actuacións de Xuíz Vocal CX.Competición media xornada <sup>(1)</sup>	75,00.-€
Actuacións de Xuíz Presidente CX.Competición xornada completa <sup>(2)</sup>	120,00.-€
Actuacións de Xuíz Vocal CX.Competición xornada completa <sup>(2)</sup>	90,00.-€
Preparación base I@seo e emisión documentación/Competición <sup>(3)</sup>	60,00.-€
Asistencia I@anseo na competición <sup>(4)</sup>	60,00.-€
Asistencia de monitor (FGTA) en tecnificación para menores <sup>(5)</sup>	75,00.-€
Asistencia de monitor en competición nacional de menores <sup>(6)</sup>	75,00.-€

*(1) A consideración de media xornada son as competición sen eliminatorias.*

*(2) Considerase aquelas coas eliminatorias e no caso de que a competición sexa partida. (Exemplo, menores pola mañán e maiores pola tarde)*

*(3) Persona encargada de preparar os datos no i@anseo, coa emisión dos listados de inscritos, por categoría, división e Club, así coma as observacións e a programación do evento coordinado ca organización da competición. Listaxes de oficiais de campo, dorsais e disposición do campo e das eliminatorias.*

*(4) Persoa responsable das correccións antes da competición, na mesma competición. Introducción dos datos, revisión das follas e tanteos, así como a emisión das listaxes para os enfrontamentos e resultados parciais e finais. Aplicaranse as dietas segundo o punto 13.*

*(5) Técnico/s dependentes da FGTA responsable da coordinación, preparación e impartir a tecnificación dos menores. Aplicaranse as dietas según o punto 13.*

*(6) Técnico responsable dos menores e seleccionado pola Comisión Técnica da FGTA. No caso de que os menores compitan nunha competición nacional. Aplicaranse as dietas según o punto 13. No caso de que o técnico leve menores, será o Club ou Clubes dos menores os que cubran as dietas de desprazamento. O mesmo para a asistencia a Tecnificación de menores a nivel nacional e según o que se acorde na Comisión de Tecnificación, sempre e cando a tesourería o poida asumir.*

**15.- VARIOS:**

- 15.1. No caso dos xuíces que interveñan nunha competición de mañá ou de tarde aboaráselles o importe do ticket presentado da media dieta co máximo do importe establecido no punto 13.
- 15.2. No caso dos xuíces que interveñan nunha ou varias competicións que duren todo o día aboaráselles o importe dos tickets presentados da dieta completa, co máximo do importe establecido no punto 13.
- 15.3. No caso de que a actuación dun xuíz se extenda máis tarde das 21.30 h. aboaráselle a dieta de aloxamento presentando a factura correspondente co máximo do importe establecido no punto 13, sempre e cando a distancia á súa residencia sexa superior a 75 km.
- 15.4. No caso de que un xuíz participe como deportista arqueiro nalgunha das competicións nas que non actúe como xuíz e que se celebre en diferentes días, pode escoller entre a dotación por quilometraxe ou o aloxamento e media dieta.
- 15.5. No caso de que un xuíz deba revisar as instalacións antes dunha competición en 3D ou unha competición de campo e estea a máis de 75 km desta, terá dereito a aloxamento e media dieta o día anterior.
- 15.6. A promoción de xuíces a xuíces nacionais estará condicionada polo abal do Comité de Xuíces así como polas posibilidades orzamentarias da FGTA.
- 15.7. Cando esta normativa soamente se corrixa por erratas, será exposta a súa revisión e aprobación pola Comisión Delgada, sen a necesidade da súa aprobación pola Asamblea Xeral, poñendo en coñecemento da mesma a os federados a través dos seus Clubes e na Web da FGTA.

Pontevedra, 27 de abril de 2024  
El presidente de la FGTA

## 16.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIÓN

- Normativa aprobada na Asemblea Xeral do 1 de abril de 2007
- Normativa aprobada na Asemblea Xeral do 13 de abril de 2008
- Modificada na Asemblea Xeral do 5 de abril 2009
- Modificada na Asemblea Xeral do 25 de abril 2010
- Modificada na Asemblea Xeral do 10 de abril 2011
- Modificada na Comisión Delegada do 27 de novembro de 2011
- Modificada na Asemblea Xeral do 22 de abril 2012
- Modificada na Asemblea Xeral do 20 de abril de 2013
- Modificada na Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2015
- Modificada na Comisión Delegada do 13 de xullo de 2015
- Modificada na Comisión Delegada do 2 de abril de 2016
- Modificada na Asemblea Xeral do 23 de abril de 2016
- Modificada na Comisión Delegada do 24 de agosto de 2019
- Modificada na Asemblea Xeral do 18 de xullo de 2020
- Modificado na Comisión Delegada do 16 de agosto de 2020
- Modificado na Comisión Delegada do 27/02/2021, ratificada en A.X. 25/04/21
- Modificado na Comisión Delegada do 23/10/2021, ratificada en A.X. 31/10/21
- Modificado na Comisión Delegada do 17/04/2022, ratificada en A.X. 23/04/22
- Modificada na Comisión Delegada do 15 de agosto de 2022 – Ratificada A.X 20/08/22
- Modificada na Comisión Delegada do 21 de febreiro de 2023 – Ratificada A.X 30/04/23
- Modificada na Comisión Delegada do 23 de abril de 2023 – Ratificada A.X 30/04/23
- Modificada na Comisión Delegada do 21 de abril de 2024 – Ratificada A.X 27/04/24